

ADDENDA Nº 1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE REDONDELA PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E REORDENACIÓN DA PO-363 ENTRE REDONDELA E A PRAIA DE CESANTES

REUNIDOS

Dunha parte, María Martínez Allegue, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización desta addenda polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Digna Rivas Gómez, na súa condición de alcaldesa do Concello de Redondela, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

O 30 de xullo de 2025 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Redondela para o acondicionamento da estrada autonómica PO-363 entre Redondela e a praia de Cesantes, e a súa transformación nun viario urbano.

O importe das obras estímase en 1.594.713,10 € IVE incluído e serán financiadas polas dúas administracións.

Segundo a cláusula segunda o Concello de Redondela asume a obriga de achegar 433.268,19 € coa seguinte distribución de anualidades:



ANO	IMPORTE €
2025	86.653,64
2026	216.634,10
2027	129.980,45

De conformidade coa cláusula cuarta a Axencia Galega de Infraestruturas comprometeuse a financiar a actuación ata un máximo de 1.161.444,91 €, con cargo a partida 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos seus orzamentos, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2025	232.288,98
2026	580.722,46
2027	348.433,47

O 16 de outubro de 2025 o Concello de Redondela solicita a sinatura dunha addenda na que se transfira a anualidade 2025 a 2028, dado que aínda non está adxudicado o contrato de redacción do proxecto das obras.

Entendendo as partes que as condicións que motivaron a sinatura do convenio son plenamente vixentes e os seus obxectivos invariables no tempo en consecuencia

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio citado, co fin de modificar as cláusulas terceira cuarta, quinta e undécima, que quedan coa seguinte redacción:

TERCEIRA.- . COMPROMISOS DO CONCELLO DE REDONDELA

Modifícase o punto 2 e o resto da cláusula mantén a súa redacción orixinal.



O Concello de Redondela obrígase a:

2. Achegar a cantidade de 433.268,19 €, IVE incluído, correspondente ás partidas de renovación das redes de saneamento e abastecemento e ao 50% da partida de renovación do alumeadado e semaforización, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2026	216.634,10
2027	129.980,45
2028	86.653,64
TOTAL	433.268,19

CUARTA.- COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar un máximo dun millón cento sesenta e un mil catrocentos corenta e catro euros con noventa e un céntimos (1.161.444,91 €) con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2026	580.722,46
2027	348.433,47
2028	232.288,98

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, tramitará o expediente de cambio de titularidade de todo o dominio público da estrada PO-363 entre Redondela e a praia de Cesantes, antes da adxudicación das obras polo Concello de Redondela.



QUINTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO. Esta cláusula mantén a súa vixencia coa seguinte modificación:

Serán subvencionables os gastos de execución das obras realizados durante o anos 2026, 2027 e 2028.

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2028 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2026 nas condicións establecidas na cláusula quinta.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan este documento

A presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, María Martínez Allegue

A alcaldesa do Concello de Redondela, Digna Rivas Gómez

